

RELATOR
PABLO
GARCÍA FERRADÁS



CÓDIGO EN FPROFE
S1701054



ORGANIZA
CAFI



RELATOR
SANTIAGO
MARTÍNEZ SUÁREZ



CLAVES PARA UNHA COMUNICACIÓN EFICAZ

Comunicarte con claridade, eficacia e asertividade é unha virtude importante e clave nalgúns ámbitos especialmente se tes alumnado ao teu cargo.

Una comunicación poco asertiva y confusa puede generar malentendidos y problemas, por lo que es importante conocer las siete claves que te ayudarán a comunicarte con mayor eficacia.

CLAVES PARA UNHA COMUNICACIÓN EFICAZ

OBXECTIVOS

1. Detectar e superar as dificultades ao falar en público, gañando seguridade, convicción e credibilidade.
2. Dominio da voz, tomando conciencia de hábitos posturais.
3. Construír un discurso eficaz, manexando o espazo de acción.

CONTIDOS

1. A respiración e as súas aplicacións. Emisión da voz.
2. O corpo. Principios da comunicación non verbal.
3. A voz. O aparello fonador. Ortofonía e dicción.
4. O espazo. Distribución do espazo na posta en escena.
5. Comunicación eficaz. Metas, obxectivos e estratexias.
6. O público. Tipos de público. A improvisación.



CLAVES PARA UNHA COMUNICACIÓN EFICAZ


Currículo de Pablo GARCÍA FERRADÁS

Diplomado en Educación Musical (Universidade de Vigo), conta con dous posgrados, un de “Especialista en patoloxía da voz”, e outro de “Experto en intervención logopédica” e estuda actualmente un “Máster en patoloxía da voz e voz profesional” (Universidade de Alcalá de Henares).

Comeza a interesarse polo canto desde moi novo, participando en diferentes agrupacións corais, que o levará máis tarde a estudar canto lírico con distintos profesores de talla nacional e internacional. Interesado polo fenómeno vocal en todas as súas manifestacións e a súa investigación, posúe ampla formación en foniatría, logopedia, técnica vocal (fala e canto), etc., de feito conta con “Voice Craft” Certificado de Still Voice Systems, innovador método de técnica vocal integral.

En canto ao seu labor profesional desenvólveo tanto en Galicia como en distintos puntos da xeografía española, desenvolvendo competencias como profesor de técnica vocal e canto, formador en foniatría, terapeuta vocal e “vocal coach”. Colabora habitualmente con FECOGA

(Federación Coral Galega), co CAFI e coa rede de formación da Xunta de Galicia, CIG-Ensino e ANPE impartindo cursos de educación vocal para docentes; con Hedima, o Instituto Avanza (consultoras de formación, Madrid) e coa Universidade de Vigo e de Santiago de Compostela imparte diferentes cursos de ortofonía e técnica vocal. Tamén se dedica a formar vocalmente a profesionais da interpretación, colaborando con diferentes escolas e agrupacións teatrais (NNC Teatro, aula de teatro da USC, Talía Teatro, Bocaberta Cía, Pábulo Teatro, etc.) e como profesor de voz en cursos de dobraxe para PC Carrier (A Coruña). Como profesor de canto leva a cabo o seu labor docente en Escola de música “A Tempo” (Pontevedra), en Escola de música DROPS (Santiago de Compostela) e en ESTUDO, escola de música (Santiago de Compostela) na actualidade.



CLAVES PARA UNHA COMUNICACIÓN EFICAZ

Currículo de Santiago MARTÍNEZ SUÁREZ

Licenciado en Dereito e graduado na Escola de Práctica Xurídica da USC. Durante a etapa universitaria representou a esta en diferentes torneos nacionais e internacionais proclamándose subcampión nacional de debate e oratoria en 2005 como orador; campión nacional en 2007 e 2008, e subcampión internacional de debate e discurso político en 2012 en calidade de capitán adestrador

Deseñou e dirixiu actividades de debate como a Liga Galega de Debate, o primeiro torneo escolar de debate de España; o Fórum Cicerón, “Búscase talento”, actividade de mobilización de estudantes das tres Universidades galegas para *recruiting* universitario a empresas.

Cursou e graduouse no Máster en *Márketing, Comunicación e Estratexia política* do Instituto de Ciencias Políticas e Sociais da USC.

Actualmente asesora e adestra en calidade de consultor político e media trainer a deputados autonómicos, congresistas e senadores, parlamentarios europeos, e candidatos presidenciais de Latinoamérica.

Impartiu clases nos máster máis prestixiosos de España: Universidad Camilo José Cela, Universidad Pontificia de Salamanca, Universidade de Vigo e no estranxeiro, Universidad Francisco Gavidia (San Salvador), Universidad Nacional de Cuyo (San Juan, Argentina) e na ESAN School of Business (Lima, Perú).

Actualmente é socio cofundador da primeira escola exclusiva de oratoria de España, **Eloqüencia**, na que se imparten clases de modo profesional para mozos, universitarios e profesionais que necesitan comunicar.



Competencias profesionales docentes

1. Interlocutor/a e referente (forma de ser e relacionarse cos demais) - Habilidades persoais, sociais e relacionais. Estratexias de mellora.
2. Comunicador/a en linguas maternas e estranxeiras - Destrezas comunicativas verbais e non verbal: técnicas e estratexias para o desenvolvemento e mantemento.





DATAS E AULAS DA ACTIVIDADE CLAVES PARA UNHA COMUNICACIÓN EFICAZ

Datas	Horario	Aulas	Relator
• 12 - 04 - 2018	18:00 - 21:00	Biblioteca	Pablo García Ferradás
• 19 - 04 - 2018	18:00 - 21:00	Aula 9	Pablo García Ferradás
• 26 - 04 - 2018	18:00 - 20:00	Aula 9	Pablo García Ferradás
• 03 - 05 - 2018	18:00 - 21:00	Aula 9	Santiago Martínez Suárez
• 10 - 05 - 2108	18:00 - 21:00	Aula 9	Santiago Martínez Suárez
• 24 - 05 - 2018	18:00 - 21:00	Aula 9	Santiago Martínez Suárez
• 31 - 05 - 2018	18:00 - 21:00	Aula 9	Santiago Martínez Suárez

Referencia: S1701054

Centro de formación e recursos: CAFI

Temporalización: 12/04/2018 - 31/05/2018

Data límite de inscrición: 29/03/2018

Lugar: Santiago de Compostela (Biblioteca e Aula 9 do CAFI)

Prazas: 25

Horas: 20

CFR, LUGAR, TEMPORALIZACIÓN E PRAZAS

